



Do 18 de agosto
ao 12 de setembro de 2025



De luns a venres,
de 10.00 a 18.00 h



604 046 201 – 604 050 235 – 698 198 887
698 193 733 – 698 197 148



carballo.gal

CADA CHAMADA CONTA, **CADA PERSOA IMPORTA**



PROXECTO PILOTO DE SERVIZO DE TELEASISTENCIA

Atendido polo alumnado do curso de
Xestión de chamadas de teleasistencia
do plan formativo do Fórum Carballo



ASOCIACIÓN
PRO ENFERMOS
MENTALES



CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL
Y DEPORTES

PROXECTO PILOTO DE SERVIZO DE TELEASISTENCIA

O Concello de Carballo e as entidades sociais **Afaber, Apem e Aspaber** impulsan un proxecto piloto de servizo de teleasistencia, atendido polo alumnado do curso de **Xestión de chamadas de teleasistencia** que se está a impartir no Fórum Carballo dentro do Plan formativo para o emprego 2024-25.

OBXECTIVOS

- **Achegar o servizo de teleasistencia á veciñanza**, explicando en que consiste e como pode mellorar a calidade de vida de moitas persoas.
- **Fomentar o coñecemento e uso de recursos sociais** accesibles para persoas en situación de vulnerabilidade.
- **Ofrecer unha experiencia práctica de valor para o alumnado** do certificado de profesionalidade, reforzando a súa formación a través do contacto directo coa cidadanía.

QUE OFRECE?

- **Información** sobre a teleasistencia: que é, para que serve e quen pode solicitala.
- **Resolución de dúbidas** frecuentes: funcionamento, dispositivos...
- Escoita activa e **acompañamento emocional** básico.
- **Derivacións informativas** a servizos municipais, sociais ou de emerxencia en caso necesario.
- Chamadas de **seguimento** programadas (se son solicitadas expresamente).

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Persoas maiores

- Que viven soas ou pasan moito tempo sen compañía.
- Con enfermidades crónicas.
- Que valoran unha chamada amiga ou un recurso do que botar man en caso de necesidade.

Persoas con diversidade funcional

- Que poden precisar atención ou acompañamento telefónico en situacións puntuais ou recorrentes.
- Que buscan manter a súa independencia cun apoio discreto e eficaz.

Mulleres vítimas de violencia de xénero

- Que estean en situación de risco ou con medidas de protección.
- Que precisen un recurso de contacto seguro, discreto e inmediato.
- Que queiran coñecer como funciona a teleasistencia específica para vítimas, cos seus dispositivos adaptados e atención especializada.

Persoas coidadoras e familiares

- Que coidan de persoas maiores, dependentes ou con enfermidades crónicas.
- Que queren contar cun apoio adicional que garanta seguridade e resposta rápida.
- Que buscan tranquilidade ante posibles emerxencias cando non poden estar presentes.